

6. A poesía épica

6.1. O nacemento da literatura occidental

A épica pasa por ser o primeiro xénero da literatura occidental. O seu nacemento acontece coas epopeias de Homero, a *Ilíada* e a *Odisea*: amplos poemas de tradición oral presuntamente recopilados e unificados polo poeta grego nalgún momento entre o s. X e VIII a. C. Debido a súa temática rica en paixóns humanas e a que os seus protagonistas eran deuses inmortais e homes sen igual, adquiriu un estatus social e cultural de alto nivel, ó igual que a traxedia, coa que comparte temas e tipos. Aristóteles e os filólogos de Alexandría confirmaron o seu prestixio.


En Roma disfrutou desde moi cedo de gran consideración: lembremos que a primeira obra conservada en lingua latina é a *Odusia*, de Livio Andrónico, quen fixo unha versión da *Odisea* de Homero. Con iso pretendía prestixiar á lingua latina, obxectivo que pouco despois perseguiu Ennio (s. III-II a. C.) nos seus *Annales*, un relato heroico e tinguido de mítica da historia de Roma. El foi o épico romano por excelencia ata a chegada de Virxilio no s. I a. C.

6.2. Virxilio (70-19 a. C.): o cumio da poesía latina

Publio Virxilio Marón naceu en Mantua, no norte de Italia, o 15 de outubro do ano 70. Estudou as artes retóricas en Milán e foi enviado pola súa familia a Roma para exercer a avogacía, mais o seu carácter era inimigo dos litixios e do estrés da grande cidade, e ademais tiña grande afición pola poesía. Atraído pola escola filosófica epicúrea, viaxa a Nápoles e ingresa no círculo do mestre grego Sirón. Pero no ano 41 os terreos da súa familia en Mantua foron incluídos nas expropiacións coas que Octavio, que compartía o poder con Marco Antonio quixo premiar ós seus soldados veteráns. Segundo parece, o seu amigo Asinio Polión, a quen coñecera durante a súa estancia en Roma, e que tiña influencia no goberno, intercedeu por el e logrou que Virxilio conservase as súas posesións.

Polión, que coñecía o talento poético do seu amigo, preséntao a Gaio Mecenas, un rico banqueiro que estaba a carón de Octavio como asesor cultural e era moi aficionado ás artes. Por esta época, ós 28 anos, Virxilio compón a súa primeira obra importante, as *Bucólicas* (*Eclogae*). É un conxunto de 10 poemas que inauguran un xénero destinado a ter moito éxito na Europa medieval e renacentista: as *Bucólicas* son os alicerces do xénero pastoril europeo, e a raíz de tópicos como o *locus amoenus*, por exemplo.

As *Bucólicas* proporcionanlle ó poeta un prestixio importante dentro dos círculos ilustrados e gobernantes de Roma. Estamos xa na década dos 30 a. C., e Octavio é a figura dominante ma capital; Mecenas e el poñen en práctica un plan destinado a que as novas xeracións aprendan na escola contidos exaltadores de Roma como realizadora dunha vontade providencial, e de Octavio (e a familia Xulia) como executor desa vontade. Para iso cumpría un círculo de colaboradores dos que se fixo cargo Mecenas. O canto á paz e á vida tranquila no campo das *Bucólicas* encaixaba, polo menos en parte, cos ideais que Octavio quería difundir: a veneración do campo e do labor agrícola era un dos valores que os romanos atribuían ós seus antepasados, os que puxeran as bases do poder da cidade. Todos coñecían as lendas das orixes romanas, cheas de exemplos de cidadáns que se dedicaban con esforzo e



austeridade a cultivar a terra, pero que estaban dispostos a tomar as armas para defender ó Estado dun ataque exterior; e logo, unha vez pasado o perigo, volver ós labores do agro.

Neste contexto, Virxilio vive xa en Roma e empeza a ter fama, cousa que non acepta ben. Intenta recluírse o máis posible, e mesmo abandonar a cidade, mentres escribe as *Xeórxicas* (*Georgicon*), catro poemas longos onde aborda xustamente o tema que vimos de expoñer: as bondades que proporciona ó espírito o traballo paciente da terra. Isto entroncaba coas crenzas epicureístas do poeta, xa que o labrego está en harmonía constante coa natureza, ó tratala para que produza de bo grao o necesario para a nosa vida.

Con esta nova obra seguiu a medrar o contento de Octavio, xa a piques de obter o título de Augusto co que nos é máis coñecido. Case de seguido, Virxilio é alentado a compoñer unha grande epopeia na que Roma fose glorificada como o pobo grego o fora na *Iliada* e á *Odisea*. A este labor, a elaboración da *Eneida* (*Aeneis*), Virxilio dedicou os derradeiros once anos da súa vida. O interese de Augusto ía en aumento segundo o poeta avanzaba no seu traballo, e a expectación en toda Roma medraba tamén. Mesmo cando Augusto tivo que acudir a Hispania a supervisar o remate da conquista do norte peninsular, pediu a Virxilio que lle enviase copias do que ía compoñendo. No ano 19, Virxilio marchou a Grecia para poder traballar, nun ambiente máis repousado, na culminación da obra. En Atenas o *princeps* (que voltaba dunha campaña en Oriente) e o poeta atopáronse, e Augusto convenceuno para que regresase a Roma; no camiño de volta, Virxilio enfermou de súpeto e morreu o día 21 de setembro, case con 51 anos.

Poucos días antes deste suceso, o poeta manifestara que non estaba contento coa obra, e deixou encargado ós seus amigos Tuca e Vario que non a publicasen, e mesmo que a queimasen. Pero a intervención de Augusto evitou que se levase a cabo este desexo, e os propios Tuca e Vario recibiron a encomenda de publicar a *Eneida* tal como a deixara o seu autor, cousa que parece verosímil, pois hai algúns versos incompletos.

A *Eneida* é un poema épico que Virxilio compuxo baseándose na *Iliada* e na *Odisea* de Homero. Narra as aventuras de Eneas, un nobre troiano que, por indicación de Xúpiter, deixa a súa cidade, que está a ser destruída polos gregos, para buscar unha nova patria.

Consta de 12 libros, que o autor organizou tendo en mente os poemas homéricos, segundo esta estrutura:

- Libros I-VI: narran unha extensa viaxe de Eneas polo Mediterráneo (ó xeito da de Ulises na *Odisea*). Os seus episodios principais son a chegada a Cartago do heroe, onde coñece a raíña Dido, que se namora del e á que abandona (orixe do enfrontamento histórico entre Roma e Cartago); e o descenso ó Inframundo en Cumas (Italia), onde a Sibila (sacerdotisa de Apolo) e o seu defunto pai lle amosan varios personaxes que nun futuro converterán a Roma na dona do mundo (entre os que destaca Augusto, o que encargou a obra).
- Libros VI-XII: contan a chegada de Eneas a Italia e a súa loita (ó xeito da guerra relatada na *Iliada*) por asentarse e fundar unha nova patria. Os acontecementos principais son a súa alianza co rei Latino do Lacio (e a súa proxeitada voda coa filla do rei, Lavinia), e a morte de Turno, líder dos inimigos de Eneas, a mans do propio heroe troiano.



Eneas é un heroe épico típico porque antepón as necesidades do colectivo (os que escaparon de Troia con el, e os seus futuros descendentes) diante das súas. Mais tamén, ó contrario dos heroes homéricos, tamén amosa sentimentos de compaixón e de dúbida.

O éxito da *Eneida*, tanto a nivel institucional como de público, foi inmediato, e arrastrou ás outras dúas obras, que tiveran repercusión favorable, pero máis limitada: Virxilio é, de lonxe, o autor latino con maior presenza na tradición manuscrita medieval. En canto ó seu estilo, o efecto que produce a lectura das súas obras é o de estar diante unha mente cun coñecemento extraordinario da lingua e das súas posibilidades, sobre todo en dous aspectos:

- unha capacidade extraordinaria para escoller as palabras xustas que se precisan en cada momento, tanto no que se refire ó significado como o sons das mesmas.
- un poder excepcional de descrición dos elementos da natureza, conseguindo ademais dar a sensación que é doado alcanzar tan alto nivel expresivo.

Lectura: fragmentos da *Eneida* (II, 201-231; VI, 450-476)

Laocoon, ductus Neptuno sorte sacerdos,
sollemnes taurum ingentem mactabat ad aras.
Ecce autem gemini a Tenedo tranquilla per alta
(horresco referens) immensis orbibus angues
incumbunt pelago pariterque ad litora tendunt;
pectora quorum inter fluctus arrecta iubaeque
sanguineae superant undas, pars cetera pontum
pone legit sinuatque immensa volumine terga.
[...]

Diffugimus visu exsanguis. Illi agmine certo
Laocoonta petunt; et primum parva duorum
corpora natorum serpens amplexus uterque
implicat et miseros morsu depascitur artus;
post ipsum auxilio subeuntem ac tela ferentem
corripiunt sipirisque ligant ingentibus; [...].
Ille simul manibus tendit divellere nodos
perfusus sanie vittas atroque veneno,
clamores simul horrendos ad sidera tollit:
qualis mugitus, fugit cum saucius aram
taurus et incertam excussit cervice securim.
[...]

Tum vero tremefacta novus per pectora cunctis
insinuat pavor, et scelus expendisse merentem
Laocoonta ferunt, sacrum qui cuspede robur
laeserit et tergo sceleratam intorserit hastam.

(P. Vergilii Maronis, *Aeneis*, II, 201-231)



Inter quas Phoenissa recens a vulnere Dido
errabat silva in magna; quam Troius heros
ut primum iuxta stetit agnovitque per umbras
obscuram, qualem primo qui surgere mense
aut videt aut vidisse putat per nubila lunam,
demisit lacrimas dulci adfatus amore est:
"Infelix Dido, verus mihi nuntius ergo
venerat extinctam ferroque extrema secutam?
Funeris, heu, tibi causa fui? Per sidera iuro,
per superos et si qua fides tellure sub ima est,
invitus, regina, tuo de litore cessi.
Sed me iussa deum, quae nunc has ire per umbras,
per loca senta situ cogunt noctemque profundam,
imperiiis egere suis; nec credere quivi
hunc tantum tibi me discessu ferre dolorem.
Siste gradum teque aspectu ne subtrahe nostro.
Quem fugis? Extremum fato quod te adloquor hoc est"
Talibus Aeneas ardentem et torva tuentem
lenibat dictis animum lacrimasque ciebat.
Illa solo fixos oculos aversa tenebat
nec magis incepto vultum sermone movetur
quam si dura silex aut stet Marpesia cautes.
Tandem corripuit sese atque inimica refugit
in nemus umbriferum, coniunx ubi pristinus illi
respondet curis aequatque Sychaeus amorem.
Nec minus Aeneas casu percussus iniquo
prosequitur lacrimis longe et miseratur euntem.

(Aeneis, VI, 450-476)

